

PROPOSTA DE EMENDAS AO PROXECTO DE ORDENANZA DE ZONA DE BAIXAS EMISIÓNIS (ZBE) (EXPTE. 142483-210)

Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EMENDA 1

Artigo 1.3 – OBXECTO

Proposta:

Redactar un novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) no prazo non maior aos 18 meses logo da entrada en vigor da Ordenanza de Baixas Emisións posto que o actualmente en vigor foi redactado en 2014 (actualizado parcialmente en 2021) e no mesmo non aparece nen unha soa mención á creación e posta en marcha das Zonas de Baixas Emisións.

Compre lembrar neste senso que as Zonas de Baixas Emisións (ZBE) teñen que estar en consonancia e plenamente coordinadas cos PMUS, xa que logo non son unha media illada, senón que forman parte dunha estratexia integral de mobilidade.

EMENDA 2

Artigo 3.3 – RÉXIME TEMPORAL DE ENTRADA EN VIGOR

Proposta:

Ampliar ata os 18 meses o réxime de aplicación atenuado de cada unha das tres fases previstas e en consecuencia tamén o período de advertencia oficial aos usuarios afectados polas restricións que se establecen nas mesmas.

EMENDA 3

Artigo 10.6 – SISTEMA DE XESTIÓN DE ACCESOS

Proposta:

Que o Concello estableza unha xanela específica de información cidadá y telefónica na lonxa do edificio consistorial a fin de axudar de xeito presencial a quen o precise cos trámites relativos á xestión das autorizacións de acceso establecidas na presente

ordenanza. E que a aplicación informática que se porá a disposición estea habilitada antes da entrada en vigor da nova ordenanza, e non nun prazo de ata dos meses.

EMENDA 4

Artigo 14 – CREACIÓN ESTRATEXIA ECODRIVING 2030

Proposta:

Adiantar a aprobación da estratexia Vigo ECODRIVING 2030 aos 18 meses logo da entrada en vigor da Ordenanza das ZBE desbotando a data límite do 31 de agosto de 2028 co obxectivo de coordinar todos os elementos vencellados a esta posta en marcha nun calendario unitario e con sentido.

EMENDA 5

Artigo 16.1 – RÉXIME SANCIONADOR

Proposta:

Adiar con carácter xenérico ata os 18 meses a entrada en vigor do réxime sancionador en cada unha das fases

EMENDA 6

Artigo 16.1 – RÉXIME SANCIONADOR

Proposta:

Co obxectivo de minorar as afeccións ás rendas máis baixas, crear unha **autorización temporal dun ano (renovable anualmente)** con carácter indefinido para circular nas zonas de baixas emisións sen ser multado ao cumprir os seguintes requisitos de ingresos:

- Unidade familiar de 1 persona: IPREM x 2.
- Unidade familiar de 2 personas: IPREM x 2,5.
- Unidade familiar de 3 personas: IPREM x 2,9.
- Unidade de 4 o máis personas: IPREM x 3,3.

EMENDA 7

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA (de nova creación)




VIGO

Proposta:

Potenciación do transporte municipal como alternativa ao uso do vehículo privado na procura dos obxectivos últimos desta Ordenanza descritos na Disposición adicional primeira mediante o reforzo das liñas e rutas do transporte urbano que conectan estas zonas e a **creación no autobús urbano de abonos mensuais e anuais sen límite de viaxes por unha tarifa plana de 20€ e 200 € respectivamente.**

Vigo, 12 de maio de 2026



Asdo. Luisa Sánchez Méndez

Portavoz Grupo Municipal PP



SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social					Teléfono 1	Teléfono 2		
	[Redacted]							616625884		
	ENDEREZO FISCAL									
Nome da rúa, praza, etc					Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
Grupo Mcpal PP. Plaza do Rei					1	-	-	8º	-	36202
Parroquia			Municipio		Provincia					
[Redacted]			Vigo		Pontevedra					

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN										
Nome da rúa, praza, etc					Número	Portal	Escalera	Piso	Porta	Cód. Postal
Grupo Mcpal PP. Plaza do Rei					1	-	-	8º	-	36202
Parroquia			Municipio		Provincia			Correo electrónico		
[Redacted]			Vigo		Pontevedra			ofi.pp@vigo.org		

REPRESENTANTE (No seu caso)			
DNI ou CIF	Nome e apelidos	Cargo	Teléfono de contacto
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]

SITUACIÓN DO FEITO SOLICITADO (Se procede)
[Redacted]

Nº DE EXPEDIENTE RELACIONADO (Se procede)
/

REFERENCIA CATASTRAL
[Redacted]

SOLICITA	Remítese proposta de emendas ao proxecto de ordenanza de zonas de baixas emisións (ZBE)
	[Redacted]

Estes datos incorporanse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirse ao correo gdpl.vigo@vigo.org